

BASES CONCURSO 'IMAXES CON FONDO III'

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 2016

1. OBXECTIVO DO CONCURSO

O concurso de fotografía e vídeo 'Imaxes con Fondo' é unha actividade de sensibilización que impulsa o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O certame está dirixido á cidadanía galega ou residente en Galicia a partir de 14 anos. No actual contexto internacional, marcado polas migracións e o desprazamento de persoas refuxiadas, propónse promover a reflexión sobre a interculturalidade, entendida nun sentido amplo.

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Do 15 de abril ao 15 de novembro de 2016.

3. PARTICIPANTES

- Poderán presentarse todas as persoas interesadas, de 14 anos en diante, de calquera nacionalidade e residentes ou con lugar de nacemento na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Haberá dúas seccións (fotografía e vídeo) con dúas categorías en cada unha:
 - Xuvenil: dos 14 aos 17 anos.
 - Adulta: dos 18 anos en diante.
- Non poderán participar no concurso o persoal da Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, nin as/os integrantes da Comisión Executiva do Fondo Galego nin as súas familias ata o segundo grao de parentesco. Esta restrición é aplicable ás persoas que compoñen o xurado.

4. PREMIOS

Haberá tres premios por categoría, en cada unha das dúas seccións:

Para a categoría xuvenil:

1º Premio: Cámara de fotografía/vídeo valorada en 400€. Colección de libros do concurso fotográfico Revela, doada polo Concello de Oleiros, para o centro de ensino da/do premiada/o.

2º Premio: Cesta de produtos de comercio xusto valorada en 150€. Colección de libros do concurso fotográfico Revela, doada polo Concello de Oleiros, para o centro de ensino da/do premiada/o.

3º Premio: Lote de películas de temática social valorado en 60€. Colección de libros do concurso fotográfico Revela, doada polo Concello de Oleiros, para o centro de ensino da/do premiada/o.

Para a categoría adultas/os:

1º Premio: Viaxe a Mozambique (inclúe billetes de avión e aloxamento) para realizar un traballo fotográfico/audiovisual para o arquivo do Fondo Galego a modo de acción voluntaria, da man das entidades parceiras no país. A viaxe a terreo terá lugar en 2017 e prolongarase entre 15 e 30 días. O uso das obras quedará cedido ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que poderá empregalas para realizar calquera actividade sen fins lucrativos, citando sempre ao/á autor/a. Tamén poderá difundilas polas súas canles de comunicación habituais (boletín, web, redes sociais). A persoa premiada asinará un documento de cesión de dereitos de reprodución das imaxes que debe achegar tras a viaxe, no que tamén se especificará a calidade e cantidade das mesmas.

2º Premio: Cesta de produtos de comercio xusto valorada en 150€.

3º Premio: Lote de películas de temática social valorado en 60€.

5. TEMÁTICA DO CONCURSO

Os traballos deberán axustarse á temática da interculturalidade, entendida nun sentido amplo. Deste xeito, poderán achegarse traballos fotográficos e audiovisuais que, entre outros:

- ✓ Poñan en valor os aspectos positivos da mestura entre nacionalidades, etnias, culturas, etc.
- ✓ Denuncien a discriminación de grupos pertencentes a culturas diferentes á dominante.
- ✓ Promovan o respecto á diversidade e mais o diálogo e a convivencia entre culturas.
- ✓ Revelen as auténticas causas de conflitos que adoitan presentarse como choques culturais.
- ✓ Desmonten estereotipos sobre as persoas doutras nacionalidades, etnias, culturas, etc.
- ✓ Contrarresten os discursos dos medios de comunicación hexemónicos ao respecto.
- ✓ Amosen a acollida ou outras actividades solidarias coas persoas migrantes ou refuxiadas.
- ✓ Amosen mobilizacións e accións reivindicativas a prol das persoas migrantes ou refuxiadas.

6. COMO PARTICIPAR

As obras e a documentación requirida para concursar enviaranse por correo electrónico ao enderezo imaxesconfondo@gmail.com. A xeito de acuse de recibo, a Secretaría Técnica do Fondo Galego responderá cunha mensaxe de correo electrónico confirmando a recepción. Ata que non reciba esta mensaxe, a persoa solicitante non poderá dar por feita a súa participación.

6.1 PRESENTACIÓN E ENVÍO DAS OBRAS:

- As fotografías deberán presentarse en formato JPG, cunha resolución mínima de 300px e un tamaño de 5mb como máximo.
- Os vídeos, que terán unha duración de 3 minutos como máximo, deberán presentarse preferentemente en formato mp4, cunha resolución mínima de 360p. O envío realizarase a través dalgún sistema de intercambio de arquivos tipo WeTransfer, preferiblemente mandando só a ligazón de descarga.

- Cada participante poderá presentarse só nunha sección (fotografía ou vídeo) e poderá remitir ata un máximo de 3 obras. Non se admitirán series fotográficas.
- Admítense fotografías e vídeos en cor e en branco e negro.
- Non se admitirán fotomontaxes ou fotografías retocadas dixitalmente, se ben serán admitidos axustes de brillo, contraste e cor empregados para mellorar a calidade da imaxe.
- As imaxes deben ser inéditas e exclusivas do/a autor/a, polo tanto, non poden ter sido publicadas con anterioridade en ningún soporte profesional, incluídos os dixitais. Non se admitirán tampouco obras que se teñan sido premiadas anteriormente. A/o concursante deberá presentar un certificado no que consten estes dous aspectos.
- As/os concursantes non poderán exhibir as obras presentadas ao concurso a través dos diferentes medios de comunicación e redes sociais antes do fallo do concurso.
- A/o concursante garante ser a/o única/o titular dos dereitos de autor sobre as fotografías ou vídeos presentados e faise responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo á organización de dita responsabilidade.
- As/os concursantes certifican que dispoñen dos dereitos de imaxe das persoas identificadas ou identificables e eximen ao Fondo Galego de calquera responsabilidade que puidera derivarse como consecuencia da non obtención destes correspondentes permisos.
- No caso de que aparezan menores de idade as/os concursantes deberán dispoñer da correspondente autorización da nai ou pai ou do/a do titor/a legal.
- O Fondo Galego garante ás/aos autoras/es o respecto absoluto aos seus dereitos conforme a lexislación vixente.

6.2 PRESENTACIÓN E ENVÍO DA INFORMACIÓN REQUIRIDA:

As/os concursantes deberán achegar xunto coa/s obra/s a seguinte información, segundo o documento anexo:

- Nome e apelidos
- Sección e categoría pola que se presenta
- Copia do DNI (para comprobar data e lugar de nacemento ou residencia)
- Teléfono de contacto e enderezo electrónico
- En caso de ser menor de idade, autorización asinada con DNI da/o nai/pai ou titor/a
- Título de cada obra
- Lugar e data de realización da obra

6.3 DEREITO DE EXCLUSIÓN

A organización resérvase o dereito de exclusión:

- Cando se incumpran un ou varios puntos das presentes bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.

- Cando de forma fraudulenta manipulen a participación.
- Cando as obras poidan considerarse contrarias aos dereitos e liberdades fundamentais, inciten ou promovan actuacións denigrantes, violentas, sexan contrarias ao dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar, ou á propia imaxe das persoas.
- Cando as obras presentadas non se axusten ao tema do concurso.

7. XURADO E SELECCIÓN DE GAÑADORAS/ES

A selección das fotografías e vídeos gañadores en cada sección realizarase a través de dous procesos complementarios:

1. Votación das obras a través do perfil do Fondo Galego en Facebook. As fotografías e vídeos presentados amosaranse no perfil do Fondo Galego en Facebook, como máximo tres días despois de ter finalizado o período de presentación ao concurso. O Fondo Galego poderá empregar algunha ferramenta específica para a xestión de concursos a través desta rede social.

Co fin de garantir a equidade e a protección de datos das/dos concursantes, poderase comezar a votar no mesmo día da publicación, e ademais non aparecerá o nome da/do concursante, tan só a sección e categoría pola que se presenta, o título das obras e as propias fotografías ou vídeos. As/os usuarias/os disporán de entre 10 e 15 días para emitir o seu voto.

As condicións concretas desta votación quedarán reflectidas nun documento que se difundirá na páxina web e redes sociais do Fondo Galego unha semana antes do inicio da votación.

Unha vez rematado o proceso, as 15 fotografías e vídeos máis votados das categorías xuvenil e adulta pasarán á seguinte fase de selección, de entre as que saíran as obras gañadoras.

Facebook fica exonerado de toda responsabilidade neste concurso. A participación na votación do concurso fotográfico non está patrocinada, avalada, administrada nin asociada a Facebook en modo algún.

2. Selección das fotografías gañadoras por parte dun xurado de persoas expertas, constituído por cinco persoas:
 - 1 Representante da Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
 - 1 Representante técnica/o da Rede Municipalista Solidaria.
 - 1 Representante dunha ONGD que traballe con persoas migrantes.
 - 2 representantes de prestixio do mundo da fotografía, o audiovisual e/ou as artes plásticas.

A deliberación destas cinco persoas, en base ás 15 obras máis votadas polo xurado popular en ambas seccións e en cada categoría, dará como resultado o fallo do concurso.

- Os documentos de texto nos que se indiquen os datos persoais da/do concursante serán arquivados pola Secretaría Técnica do Fondo Galego e en ningún caso as persoas que compoñen o xurado terán acceso aos mesmos ata unha vez decididas as obras gañadoras. A Secretaría Técnica do Fondo Galego será a única responsable do ficheiro de datos. Seguirase minuciosamente a normativa vixente sobre a protección de datos de carácter persoal (Lei 15/1999).
- Calquera continxencia non contida nas bases pode ser resolta pola entidade organizadora.
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade desenténdese de calquera controversia.
- O fallo do concurso farase público no mes de novembro de 2016 a través da páxina web do Fondo Galego www.fondogalego.org. Con anterioridade comunicaráselle individualmente ás persoas premiadas.
- Se o xurado o estimase oportuno algún dos premios podería quedar deserto.
- As persoas premiadas cederán ao Fondo Galego os seus dereitos para a utilización das mesmas polas súas canles de comunicación habituais, sempre sen fins lucrativos.
- No caso de que un/ha concursante premiado/a incorrese en fraude ou deshonestidade, ou haxa indicios de que así fose e non verifica a información no prazo outorgado, o Fondo Galego poderá negarse a aboar o premio.

Para calquera dúbida sobre o concurso pódese chamar ao 986 843 436 de luns a venres de 9h a 14h ou escribir un correo electrónico a imaxesconfondo@gmail.com.

ANEXO INFORMACIÓN REQUIRIDA

CONCURSO "IMAXES CON FONDO III"

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 2016

Nome e apelidos		
Data de nacemento		
Sección	<input type="checkbox"/> Fotografía	<input type="checkbox"/> Vídeo
Categoría	<input type="checkbox"/> Xuvenil	<input type="checkbox"/> Adulta
Lugar de nacemento		
Enderezo de residencia		
Teléfono de contacto		
Enderezo electrónico		

NOME DO ARQUIVO	TÍTULO DA OBRA	LUGAR E DATA DE REALIZACIÓN

- Documentación a entregar:
 - Copia do DNI (escaneado)
 - En caso de ser menor de idade, cubrir a autorización de participación segundo modelo
 - No caso de que aparezan menores de idade as/os concursantes deberán dispoñer da correspondente autorización da nai ou pai ou do/a do titor/a legal.

ANEXO CERTIFICACIONES

CONCURSO "IMAXES CON FONDO III"

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 2016

D/Dna con DNI
..... como autor/a da/s obra/s titulada/s:

-
-
-

CERTIFICA

Que as imaxes presentadas ao concurso son inéditas e da súa autoría.

Que non ten recibido outros premios pola participación noutros concursos de similares características.

Ser a/o única/o titular dos dereitos de autor sobre as fotografías presentadas e facerse responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade de dita responsabilidade.

Que dispón dos dereitos de imaxe das persoas identificadas ou identificables e exime ao Fondo Galego de calquera responsabilidade que puidera derivarse como consecuencia da non obtención destes correspondentes permisos.

En, a de de 2016

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES DE IDADE NO CONCURSO “IMAXES CON FONDO III”

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 2016

Eu (nome e apelidos), con DNI
..... , en calidade de (nai, pai, titor/a legal) de (nome e
apelidos da/o concursante) con DNI
.....

AUTORIZO a súa participación no concurso fotográfico ‘Imaxes con Fondo II’, promovido polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, tendo lido e aceptado as bases do concurso.

E para que así conste asino a presente autorización,

Nome e sinatura da nai, pai ou titor/a legal

En , a de de 2016